



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

**Advertido erro na Acta publicada en data 01/10/18, procédese á corrección da mesma e nova publicación incorporando o relacionado á empresa excluída:**

**Expediente** núm.: 377/2018

**Procedemento:** Adxudicación contrato “Elaboración do Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Soutomaior”

### **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN: APERTURA DOS SOBRES «B»**

Reunidos no Salón de Actos da Casa Consistorial, o día 21 de setembro de 2018, ás 10:41 horas, reúnese a Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato de Servizos “Elaboración do Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Soutomaior”, formada por

**Presidente:** D. Agustín Reguera Ocampo, Alcalde-Presidente do Concello de Soutomaior

**Vogais:**

D<sup>a</sup> Margarita Mariño Pérez, Secretaria-Interventora Concello

Ausente: D<sup>a</sup> Elena Reboredo Fernández, Secretaria-Interventora Adxunta Concello

**Secretaria:** D<sup>a</sup> Patricia Bouzón Rodríguez, funcionaria de carreira do Concello.

Asesoramento técnico. D. Jose Antonio González Ferreira, enxeñeiro da mercantil Lagares e Oca, SL.

### **ANTECEDENTES**

1º) Con data 17/09/18 constituíuse a Mesa de contratación e procedeuse a apertura dos Sobres A: documentación administrativa e proposición suxeita a avaliación previa.

2º) Consta **informe valorativo do Sobre A**, de data 21/09/18, redactado polo enxeñeiro da entidade Lagares Oca, SL, D. Jose Antonio González Ferreira, que nos termos máis relevantes di:

*No artigo 2.2.7 do PCA indicase que se excluírá do procedemento de licitación a aqueles licitadores que incorporen no sobre A, a documentación que deba ser obxecto de avaliación posterior e que tivese que estar no sobre B.*

**CONSULTRANS indica no sobre A, que o período de execución proposto é de 5 meses e que realizará dúas reunións de traballo ó mes, aspectos que deberían aparecer no sobre B, o referirse a criterios avaliábeis mediante fórmulas: B.2 e B.3, respectivamente.**

**En consecuencia CONSULTRANS debe ser excluída do**



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

## **procedemento.**

Resumo de valoración Sobre A:

<u>LICITADORES</u>	<u>*A1</u>	<u>A2</u>	<u>A3</u>	<u>TOTAIS</u>
EPTISA	15,00	14,00	12,00	41,00
IPLAN	15,00	12,00	9,00	36,00
SERYE	15,00	10,00	15,00	40,00

\* Os criterios, segundo o establecido no artigo 2.2.8 do Prego de Cláusulas Administrativas: "Criterios que dependan de un xuízo de valor", son os seguintes

▯ **A.1.** Valorarase como aspecto de especial importancia a metodoloxía a empregar no desenvolvemento do traballo, en función da súa adecuación aos obxectivos que se pretenden acadar co PPT; por tal motivo valorarase en primeiro lugar a axeitada formulación do traballo en atención á concreta realidade territorial e social do Concello de Soutomaior. Ata 15 puntos.

▯ **A.2.** Programa de execución dos traballos (diagrama gantt, diagrama espazo-tempo, inversións mensuais previstas). Ata 15 puntos.

▯ **A.3.** A idoneidade dos sistemas de produción de textos, cadros, bases de datos e planos. Ata 15 puntos.

## **APERTURA SOBRE B**

Deseguido se procede á apertura das proposicións económicas (Sobre B), co seguinte resultado:

<b>LICITADORES</b>	<b>PREZO OFERTADO</b>	<b>IVE</b>	<b>TOTAL PREZO OFERTADO</b>
EPTISA	14.045,74 €	2.949,61 €	16.995,35 €
IPLAN	14.871,96 €	3.123,11 €	17.995,07 €
SERYE	13.900 €	2.919 €	16.819 €

De acordo co establecido na Cláusula 2.2.7 do Prego de Cláusulas Administrativas, a Mesa acorda o seguinte:

**Primeiro.**- Excluir á empresa CONSULTRANS por incorporar no sobre A, documentación que debe ser obxecto de avaliación posterior e que ten que estar no sobre B.

**Segundo.**- Poñer a documentación "Proposición económica" (Sobre B) presentada polas licitadoras a disposición da empresa Lagares Oca, SL para a emisión de informe valorativo.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

O Presidente dá por terminada a reunión ás 11:00 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto Acta que someto á firma do Presidente; dou fe.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**